



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ACTA Nº 3 DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR ENCARGADO DO PROCESO DE SELECCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN **UN PEÓN/A CONDUCTOR/A FORESTAL** COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO ABEIRO DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DO CONCELLO DA BAÑA, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2025-2026, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PEPAC) 2023-2027

Expte. TEDEC: 2026/E001/000009 (Persoal).

Data da sesión: 06.07.2026

Hora de inicio: 11:30 horas

Hora de finalización: 12:30 horas

Lugar: Dependencias municipais

ASISTENTES:

Presidenta: Manuela Sofía Abelenda Antelo, Técnico de Xestión do Concello da Baña.

Secretaria: Rocío Caamaño Gerpe, Auxiliar administrativa do Concello da Baña.

Vogais: José María Vilacoba García, Tractorista do Concello da Baña.

Fernando Martínez Méndez, Subalerno do Concello da Baña.

Adrián Vázquez Forján, Técnico de deportes do Concello da Baña.

Asesor Técnico: M.^a Eugenia Moral Piñeiro AEDL do Concello da Baña.

Por Decreto da Alcaldía núm. 472/2026 do 26 de xuño do 2026, e tendo en conta a dilixencia de corrección de erros do día 29/06/2026 do citado Decreto, aprobouse a lista definitiva de aspirantes admitidas e excluídas e nomeouse o tribunal cualificador encargado de vulgar as probas do proceso selectivo.

PRIMEIRO. Resultado do proceso selectivo,

Nome e apelidos	DNI	Resultado test	Resultado Entrevista	Resultado final
Luis Miguel García Rodríguez	***6896**	10	9	19
Ramón González Pais	***9695**	9	7,5	16,5
Andrés Castillo Crego	***9119**	10	6,5	16,5

SEGUNDO. Proposta para aprobar a bolsa de emprego que se indica ordenada por orde de maior a menor puntuación:

Segundo a base 7ª das Bases da convocatoria do proceso de selección:

“A puntuación final de cada aspirante estará determinada pola puntuación da oposición.

En caso de empate, resolverase atendendo aos seguintes criterios:

a. Maior puntuación na entrevista persoal.

e. Por orde alfabética de primeiro apelido das persoas aspirantes, comezando pola letra “M” (RESOLUCIÓN do 22 de xaneiro de 2026 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia).

f) De persistir o empate realizarase un sorteo entre os aspirantes implicados.”

Tendo en conta esta base a puntuación resultante é a seguinte:

Nome e apelidos	DNI	Resultado test	Resultado Entrevista	Resultado final
Luis Miguel García Rodríguez	***6896**	10	9	19
Ramón González Pais	***9695**	9	7,5	16,5
Andrés Castillo Crego	***9119**	10	6,5	16,5

Á vista das baremacións e cualificacións resultantes o tribunal acorda:

1º.- Abrir un período de 3 días naturais a computar dende o día seguinte ao da publicación para que os interesados podan formular reclamacións ou alegacións ao respecto.

2.º Elevar á Alcaldía do Concello da Baña, no caso de que non se presenten reclamacións, a proposta de aprobación da bolsa de emprego, ordenada de maior a menor puntuación, conforme á listaxe das puntuacións obtidas polas persoas aspirantes.

E sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata a sesión sendo as 12:30 horas do día 6 de xullo de 2026.

A Baña na data da sinatura dixital

Manuela Sofía Abelenda Antelo

Rocio Caamaño Gerpe

Presidenta

Secretaria